



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: TODOS (1º-2º-3º-4º-5º-6º)

MATERIA: LINGUA INGLESA

DOCENTE: MÓNICA VÁZQUEZ ÁLVAREZ

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
• CURSO: PRIMEIRO	3
• CURSO: SEGUNDO	6
• CURSO: TERCEIRO	8
• CURSO: CUARTO	10
• CURSO: QUINTO	13
• CURSO: SEXTO	15
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	19
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	20
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	20



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CURSO: PRIMEIRO	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade
B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas próximos a si mesmo/a (seu nome, idade, cor favorita, presentar á súa familia, gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles
B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos. PLEB2	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).



B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital	B3.1. Estratexias de comprensión: Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler (por ex. como acostuman ser os e as personaxes dos contos, como remata a historia, onde sucede a trama...).
B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais
B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente
B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura
	PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.
	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha



ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas
B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do



<p>comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.</p> <p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas</p>	<p>mesmo e das imaxes que o ilustran</p> <p>PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente</p>
<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p>
<p>B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</p>	<p>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).</p>

CURSO: SEGUNDO

<i>CRITERIO DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</i>
<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión</p>	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p>
<p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual</p>
<p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.</p>	<p>PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.</p>



B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).
B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).	PLEB2.1 Fai presentacións breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.3.Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.	PLEB3.3 Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.
B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas	PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves



escritos.	segundo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura
B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1 Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente	PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.
B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediatea e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel	PLEB5.8. Expressa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.
B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.13. Expressa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).

CURSO: TERCEIRO

<i>CRITERIO DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</i>
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondent	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.



B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais relevante do texto.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado
B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa	PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos)
B2.1. Falar de si mesmos e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or)	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.2. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas)aprendidos a través de xogos
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses. PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...) PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata elemental



B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo	PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas
B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula	PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos
B5.6. Expresar a localización dos obxectos.	PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos
B5.7. Expresar e identificar os seus desexos	PLEB5.7. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos
B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.	PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente

CURSO: CUARTO

<i>CRITERIO DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</i>
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.



B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).	PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás
B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta
B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións	PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira
B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos	PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida



B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas e avisos)
B4.8. Iniciar o uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.	PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura	PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos	PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente
B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo	PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...
B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares	PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).
B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.	PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.8. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados	PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información
B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).	PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais



CURSO: QUINTO

<i>CRITERIO DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</i>
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital
B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa	PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).	PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensible
B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta
B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en	PLEB3.1. Comprende información básica escrita e en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.



soporte papel ou dixital	
B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade
B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora
PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora	PLEB3.4. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos	PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas
B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información	PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata
B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable	PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.	PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura
B5.4. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos
B5.5. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...	PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...
B5.6. Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer	B5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...
B5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos	PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.
B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si	PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si



mesmo/a ou a outra persoa	mesmo/a e doutra persoa
B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes	PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.
B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
B5.11. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos	PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos
B5.12. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente

CURSO: SEXTO

<i>CRITERIO DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</i>
B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia	PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).



contextual.	
B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).
B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen	PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren). PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).
B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa	PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e



interlocutora para manter a comunicación.	entoación comprensible.
B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.	PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.
B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc
B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. 😊, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas,



breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.
B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais	PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo
B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática)	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).
B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información).	PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.
B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses	PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas
B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e	PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).



transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: análise da produción do alumnado, valoración da orixinalidade e da creatividade nas solucións</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: rexistro das actividades entregadas, rexistro de interacción co alumnado</i>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Terase en conta a nota media da 1ª e 2ª avaliación. Os traballos propostos durante a 3ª avaliación subirán nota en función da cantidade entregada e da calidade dos mesmos.</i>



3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	Repaso, reforzo e ampliación do 1º e 2º trimestre Reforzo para os aprobados e recuperación para os suspensos
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	A metodoloxia que se vai empregar procurara unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe. Alumnado con conectividade: as tarefas son propostas a través do blog de aula correspondente. Alumnado sen conectividade: envío dende o colexio ás casas de fichas con actividades relacionadas cos temas que se tratan
MATERIAIS E RECURSOS	Plataforma edixgal (5º,6º), enlaces a páxinas web e vídeos relacionados cos temas a tratar.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<i>As actividades que se propoñen publícanse no blog de aula que se atopa dentro da páxina web do colexio. Emprégase o correo electrónico, edixgal (5º e 6º) e abalar para a comunicación de xeito individualizado co alumnado e as familias.</i>
PUBLICIDADE	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i> https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/